

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 22 de decembro de 2006**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, 22 de decembro de 2006, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.- Aprobación da acta anterior, correspondente á sesión celebrada o 30 de novembro de 2006.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.744 á nº 23.342.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia a Concellos**

3.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación de vías públicas na Ponte Maceira-Fiopáns” do Concello de Negreira, incluída no POS 2006 (código 06.2100.0211.0).

### **Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

4.- Aprobación inicial do expediente de alteración da cualificación xurídica dos terreos cuxa descrición e superficie figura no plano redactado polo Servizo de Arquitectura, así como do edificio en construción situado nel que pasa a denominarse “Prisma de Cristal” (que figuraba provisionalmente co nome “Centro das Artes da Deputación Provincial da Coruña”) sito nos terreos do Colexio Calvo Sotelo, Avda. de Labañou, para a súa cualificación como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de uso.

5.- Aprobación da 4ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación, incluídas no IV Convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

6.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mellora de equipamentos e infraestruturas municipais” do Concello de Corcubión, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005. Código 05.3200.0074.0.

7.- Aprobación de Convenio marco entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e as empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular as instalacións de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

8.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2006, 5ª fase, integrado no proxecto de obra

complementaria nº 2 das do proxecto de ampliación e mellora do trazado na E.P. 7901 de Chorén ao Lugar da Cruz.

9.- Aprobación provisional á 1ª relación do Plan de travesías 2006, 2ª fase, integrada polos proxectos de mellora da iluminación pública na E.P. 4307 Malpica a Ponteceso entre os p.k. 0,8 a 5,48 (Malpica) e realización da travesía no lugar de Dumbria 1ª fase (Dumbria).

10.- Aprobación provisional da 2ª relación do Plan de travesías 2006, 1ª fase integrada polos proxectos da travesía e seguridade viaria na E.P. 0513 Paiosaco-Caión (tramo da Torre-A Laracha), travesía na E.P. 8401 Tablilla-Agro do Mestre (O Petón e A Pontepedra-Tordoia), e dar un prazo ao Concello de Oroso para a obra prolongación da travesía Avda. da Grabanxa en Sigueiro (Oroso).

11.- Aprobación do proxecto reformado da E.P. 3802 Ordes a Ponte Carreira, p.k. 17 a p.k. 17,16 (Frades) incluído na 1ª fase do Plan de travesías 2005.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo**

12.- Proposta de modificación das actuacións da segunda e terceira anualidades do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

13.- Proposta de addenda ao Convenio administrativo para financiar a achega provincial prevista no Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, a través de convenio que se vai asinar coa Consellería de Innovación e Industria.

14.- Proposta de addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Deputación Provincial da Coruña para financiar o Plan de dinamización de produto turístico Ferrol-Ortegal.

15.- Convenio relativo ao proxecto e orzamento da obra de urbanización do polígono das “Lagoas” de Narón.

16.- Convenio administrativo entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios da Agrela para o financiamento da construción de novas prazas de aparcadoiros que se van realizar no Polígono da Agrela, A Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN  
PLENO DO 22 DE DECEMBRO DE 2006**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 22 de decembro de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR:**

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:**

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTAS	BNG
DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten o Sr. Campo Fernández e a Sra. Jabares Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e quince minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Imos retirar da orde do día o punto número 4.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 30 DE NOVIEMBRE DE 2006.**

Apróbase a acta anterior, correspondente á sesión celebrada o 30 de novembro de 2006.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 21.744 Á Nº 23.342.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.744 á nº 23,342.

**3.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS NA PONTE MACEIRA-FIOPÁNS” DO CONCELLO DE NEGREIRA, INCLUÍDA NO POS 2006 (CÓDIGO 06.2100.0211.0).**

INTERVENCIONS

Sr. López Crespo

É para dicir que desde ese punto ata o final imos votar afirmativamente o Partido Popular todos os puntos que se presentan aquí.

Sr. secretario

No punto número 12 hai un erro material en canto ao título, soamente afecta ao título do asunto, que viña xa da Comisión Informativa, que é “Proposta de modificación das actuacións da 2ª, 3ª anualidades”, no propio ditame queda claro que é

das actuacións da 3ª e 4ª anualidades do plan, é unicamente un erro material, non varía o ditame.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación de vías públicas na Ponte Maceira- Fiopáns" (código: 06.2100.0211.0) do Concello de Negreira, incluída no POS 2006 cun presuposto de contrata de 56.015,25 € que non representa variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade das obras pero si implica o cambio duns camiños por outros."

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación f. propios</b>	<b>Deputación préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Presuposto Total</b>
06.2100.0211.0	Negreira	Pavimentación de vías públicas na Ponte Maceira-Fiopáns	22.324,89	22.876,40	8.013,20	2.800,76	56.015,25

### **5.- APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE HA CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto técnico e demais documentación da obra que figura no anexo a este acordo, das previstas na primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación, incluídas no convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006, para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP nº 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 4ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación, incluídas no convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006, para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúe a obra e demais gastos que implica a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo do financiamento desta 4ª fase da anualidade 2004 é o seguinte:

<b>AXENTE</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>	<b>TOTAL</b>
---------------	-------------	-------------	--------------

DEPUTACIÓN	197.131,97	329.285,67	526.417,64
CONCELLO		108.182,18	108.182,18
<b>TOTAL</b>	197.131,97	437.467,85	634.599,82

2º) Aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto técnico da obra que se inclúe nesta 4ª fase, denominada “Campo de fútbol de herba sintética 1º fase”, do Concello de Rianxo.

3º) Dispor a exposición pública desta fase do convenio mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha poderanse proseguir as actuacións.

4º) Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha poderanse proseguir as actuacións.”

**6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS” DO CONCELLO DE CORCUBIÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS (PIL) 2005. CÓDIGO 05.3200.0074.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto técnico da obra denominada “Mellora de equipamentos e infraestruturas municipais” do Concello de Corcubión, incluída no Plan provincial de investimentos locais (PIL) 2005 (Código 05-3200-0074.0), que foi aprobado en sesión plenaria da deputación o día 22 de decembro de 2005, cun presuposto de contrata de 33.138,08 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Presuposto Total
05-3200-0074.0	Corcubión	Mellora de equipamentos e infraestruturas municipais	31.000,00	2.138,08	33.138,08

**7.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA REGULAR AS**

## INSTALACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS NAS MARXES DAS ESTRADAS PROVINCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1.- Aprobar o texto do convenio marco que se lles ha ofertar ás compañías eléctricas que subministran enerxía eléctrica na provincia para financiar as actuacións para a eliminación ou minimización do impacto visual e/ou estético de determinados tendidos ou instalacións eléctricas, que afecten a aquelas edificacións que polas súas características singulares sexan cualificados cun interese histórico ou artístico ou declaradas como tal, favorecendo así a integración desta instalación no contorno que as rodea.

2.- O gasto previsto no convenio será financiado mediante a súa imputación á partida:

	Achega provincial 2006	Achega provincial 2007
partida 0305/454B/770.00	300.000 euros	200.000 euros

O compromiso de gasto da anualidade 2007 queda condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos no que quede consignado crédito adecuado e suficiente para afrontar o devandito gasto.

A eficacia da anualidade 2007 queda supeditada á notificación fidedigna da circunstancia prevista no parágrafo anterior ás entidades que asinen o convenio previsto no presente acordo. Na notificación deberá quedar constancia expresa da efectiva entrada en vigor do expediente de modificación de créditos.

3.- Abrir a sinatura do convenio a todas as compañías eléctricas que operan na provincia que queiran adherirse a este mediante a publicación do oportuno anuncio de exposición pública do texto do convenio marco no Boletín Oficial da Provincia.

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E XXXXXXXX. PARA FINANCIAR UN PROGRAMA DE MELLORA DO IMPACTO VISUAL SOBRE INSTALACIÓN ELÉCTRICAS EN BENS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL OU MONUMENTAL

A Coruña, .....de.....de.....

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, na súa representación e en uso das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do



2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. D. , na condición de , con DNI nº ..... que actúa en nome e representación de XXXXXXX. en virtude das competencias que ten atribuídas polos seus estatutos.

As partes que interveñen recoñécense reciprocamente capacidade legal para subscribir o presente convenio e asumen as obrigas e dereitos derivados del.

#### EXPOÑEN:

1.- Que é interese das partes asinantes do presente documento, desenvolver actuacións conxuntas para a eliminación ou minimización do impacto visual e/ou estético de determinados tendidos ou instalacións eléctricas, que afecten a aquelas edificacións que polas súas características singulares ou polo seu valor arquitectónico sexan cualificados cun interese institucional, histórico ou artístico ou declaradas como tal, favorecendo así a integración destas instalacións no contorno que as rodea.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

#### ESTIPULACIÓNS:

##### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio aplicarase ás edificacións do ámbito xeográfico da provincia da Coruña que, cumprindo cos requisitos especificados no expoñendo, sexan designadas pola Comisión constituída de acordo coa cláusula sexta e seguindo as directrices indicadas nesta.

Para corrixir a situación das acometidas e/ou as instalacións grampadas sobre as fachadas destas edificacións procurarase a realización de recuamentos subterráneos, non obstante poderase contemplar, naquelas solucións que así se aconsellen, a realización de recuamentos aéreos.

##### SEGUNDA.- FORMA DE PAGO

A Deputación da Coruña materializará a súa contribución e farase cargo do custo proporcional do 70% á execución material das obras necesarias acordadas.

A achega provincial libráraselles ás empresas, en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e despois da acreditación dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación das correspondentes certificacións de obra. Para estes efectos, a porcentaxe de financiamento provincial á obra queda establecido no 70% do total a que ascende a suma das actuacións anteditas.

##### TERCEIRA.- ACCIÓNS QUE SE HAN DESENVOLVER

A determinación das actuacións que se han executar será realizada despois do informe dunha Comisión Técnica, ao Pleno correspóndelle a aprobación das actuacións a realizar e presentados por XXXXXXX. Os proxectos redactados por XXXX deberanos aprobar os concellos respectivos con anterioridade á súa consideración pola Comisión.

A concesión das contribucións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Presidencia, a proposta motivada da Comisión de Seguimento e requirirá

informe do Servizo de Fomento, no que se reflicta que da información que consta no seu poder, derívase que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás achegas.

#### Valoración das solicitudes

A selección dos pedimentos e a contía das achegas determinaranse unha vez considerados os investimentos que se van realizar, nas que se ponderarán as seguintes circunstancias:

Interese das actividades ou investimentos: ata 20 puntos, dos que 10, como mínimo, se concederán en función da prioridade sinalada polo solicitante na petición.

Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ata 10 puntos.

Coefficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 35 puntos.

Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ao interese provincial: ata 35 puntos.

#### CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

A contribución de XXXXX materializarase asumindo esta empresa a xestión dos permisos necesarios para levar a cabo as actuacións que para o período de vixencia do convenio acorden as partes, a dirección e supervisión das obras que procedan e plans de seguridade preceptivos, e realizarán pola súa conta os proxectos e estudos necesarios para a execución dos recuamentos que requiran as ditas actuacións.

XXXXXXX. realizará cos seus propios medios ou contratados a totalidade das obras presupostadas que se deriven dos termos establecidos no presente convenio.

Os concellos afectados contribuirán coa realización da obra civil a executar, entendendo por tal, a apertura e cerre de gabias e canalizacións, a apertura de ocos e formigonado de postes, e se houbese luminarias de alumeadado público, estes levarán a cabo a súa retirada e traslado.

Pola súa parte a Deputación Provincial da Coruña:

- Financiar a execución dos proxectos nos termos establecidos na estipulación seguinte:

#### QUINTA.- FINANCIAMENTO

En termos económicos XXXXXX contribuirá co trinta por cento (30%) do custo destas actuacións segundo o orzamento establecido. Ademais os concellos asumirán a execución da obra civil de acordo co previsto na cláusula cuarta. A Excm. Deputación da Coruña contribuirá co setenta (70%) restante. Para tal efecto a deputación realiza a seguinte previsión de achegas ás anualidades 2006 e 2007 para o proxecto:

Achega provincial prevista para a anualidade 2006: 300.000 €

Achega provincial prevista para a anualidade 2007: 200.000 €

#### SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

##### 6.1.- Prazo de xustificación.-

As subvencións aboaranse ás compañías subministradoras de enerxía na provincia que se adhiran ao convenio marco incorporado como anexo á presente convocatoria despois da xustificación do gasto efectivamente realizado.

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 31 de xullo de 2007, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou a proposta razoada da unidade xestora.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase o expediente de anulación do correspondente

compromiso. A resolución final será notificada á entidade e á Intervención provincial para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2007.

6.2.- Consideracións xerais.-

6.2.1.- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

6.2.2.- Para os efectos de xustificación das subvencións, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto estimativo de gastos.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dará lugar ao presuposto subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención; é dicir:

$$\text{Presuposto subvencionado} = \frac{\text{Importe subvención concedida}}{\text{Cf}}$$

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da deputación, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado será a suma das subvencións.

6.2.3.- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

6.2.4.- Para o cobramento da subvención as empresas deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art. 170.2, Lei 39/1988, reguladora das facendas locais), situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Así mesmo, as empresas deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola deputación en virtude da autorización dada pola entidade.

6.2.5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

6.2.6.- O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación e demais órganos de control externo e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, no seu caso, ao disposto no código penal.

6.3.- Documentación xustificativa.-

No prazo de dous meses desde a notificación formal da subvención as empresas presentarán os proxectos técnicos nos que queden perfectamente definidas o contido detallado das actuacións a executar. Os proxectos acompañaranse da documentación acreditativa da autorización a execución dos proxectos polas administracións competentes: licenza municipal, autorización da Consellería de Cultura e as que sexan de preceptiva aplicación.

Os proxectos presentados serán avaliados pola deputación e sometidos a trámite de eventual autorización ou modificación.

Para o cobramento da subvención as empresas deberán presentar a seguinte documentación:

6.3.1.- Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades ou investimentos para as que foi concedida.

6.3.2.- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

6.3.3.- Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

- Adquisición de bens de equipo: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Execución de obras:
  - Se as obras as executa a administración: certificación subscrita por técnico colexiado competente e relación valorada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.
  - Se as obras se executan por contrata: certificación e relación valorada subscrita por técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

6.4.- Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes da Sección de Promoción Económica e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, co cal non se aboará cantidade ningunha.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

#### SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión paritaria, integrada por dous representantes que designe o Ilmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, a proposta, que se reunirá cando o solicite polo menos unha das partes, e que terá como obxectivo fundamental a definición das obras a executar, das que sexan propostas anualmente por cada concello, e o seguimento das actuacións que se deriven do presente convenio.

#### OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia ata o 15 de decembro de 2007 contado dende a súa sinatura. As partes poderán ampliar a vixencia do convenio, por anualidades, ata a anualidade 2009 se así o acordaran os órganos competentes e despois da oportuna formalización da devandita ampliación.

#### NOVENA.- CAUSA DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por resolución, por conclusión ou polo seu cumprimento.

#### DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

En virtude do disposto no artigo 3.1 a) e d) Real decreto legislativo 2/200 do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, o presente convenio de colaboración queda fóra do ámbito de aplicación da dita normativa, regulándose polas normas contidas nel e no disposto nelas pola lexislación do réxime local vixente. As cuestións litixiosas que puideran derivarse del, dada a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O PRESIDENTE”

### **8.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 5ª FASE, INTEGRADO NO PROXECTO DE OBRA COMPLEMENTARIA Nº 2 DAS DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7901 DE CHORÉN AO LUGAR DA CRUZ.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2006, 5ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neles, cun orzamento total de 7.513,08 euros con cargo á partida 0401/511B/1102:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
06.111.000.060	OBRAS COMPLEMENTARIAS Nº 2 DAS DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7901 DE CHORÉN AO LUGAR DA CRUZ	7.513,08
TOTAL		7.513,08

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

### **9.- APROBACIÓN PROVISIONAL Á 1ª RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006, 2ª FASE, INTEGRADA POLOS PROXECTOS DE MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA E.P. 4307 MALPICA A**

**PONTECESO ENTRE OS P.K. 0,8 A 5,48 (MALPICA) E REALIZACIÓN DA TRAVESÍA NO LUGAR DE DUMBRÍA 1ª FASE (DUMBRÍA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente A PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006 2ª fase integrada polos proxectos que se relacionan, por seren os que se axustan ao disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAREN OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
06.1130.0005.0	MELLORA DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NA E.P. 4307 MALPICA A PONTECESO ENTRE OS PK 0,8 AO 5,48 (MALPICA)	134.854,62
06.1130.0006.0	REALIZACIÓN DA TRAVESÍA NO LUGAR DE DUMBRÍA 1ª FASE (DUMBRÍA)	398.935,60
TOTAL.....		533.790,22

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran, no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprrobe definitivamente o plan.”

**10.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 2ª RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006, 1ª FASE INTEGRADA POLOS PROXECTOS DA TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0513 PAIOSACO-CAIÓN (TRAMO DA TORRE-A LARACHA), TRAVESÍA NA E.P. 8401 TABLILLA-AGRO DO MESTRE (O PETÓN E A PONTEPEDRA-TORDOIA), E DAR UN PRAZO AO CONCELLO DE OROSO PARA A OBRA PROLONGACIÓN DA TRAVESÍA AVDA. DA GRABANXA EN SIGUEIRO (OROSO).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente A SEGUNDA RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006 1ª fase integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAREN OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
06.1130.0002.0	TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0513 PAIOSACO CAION (TRAMO DA TORRE) (A LARACHA)	320.650,00
06.1130.0003.0	TRAVESIA NA E.P. 8401 TABLILLA-AGRO DO MESTRE (O PETON E A PONTEPEDRA) (TORDOIA)	205.896,46

TOTAL.....

526.546,46

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran, no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprrobe definitivamente o plan.

4.- Conceder un prazo de 20 días contado a partir da notificación do presente acordo para que o Concello de Oroso lle remita a esta deputación:

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:  
a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras na que constará que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez executado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

No caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o expediente.”

#### **11.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA E.P. 3802 ORDES A PONTE CARREIRA, P.K. 17 A P.K. 17,16 (FRADES) INCLUÍDO NA 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o PROXECTO REFORMADO E.P. 3802 ORDES A PONTECARREIRA, P.K. 17 A P.K. 17,16 (FRADES) (0511300005.0) incluído na 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, permanecendo invariable o orzamento de contrata.

2.- Expor ao público, unha vez aprobado, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Anular o proxecto de gastos (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS 2005P0007) por importe de 23139,67 euros, toda vez que hai dispoñibilidade de terreos e non se vai proceder á expropiación.

4.- Faise constar, así mesmo, que de conformidade coa documentación remitida polo Concello de Frades hai plena dispoñibilidade de terreos.

5.- Comunicar o presente acordo á Xunta de Galicia, toda vez que non se vai realizar a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras xa que hai plena dispoñibilidade de terreos.

6.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos, así como a dispoñibilidade dos terreos.”

## **12.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA SEGUNDA E TERCEIRA ANUALIDADES DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os cambios das anualidades terceira e cuarta do plan, aprobados pola Comisión de Seguimento do Plan de dinamización turística de Costa da Morte, na reunión celebrada o 9 de novembro de 2006:

1.- As economías xeradas das actuacións da terceira anualidade a 7 de novembro ascenden a 151.530,27 €.

Apróbanse 90.008,43 € para “Iluminación de Torres do Allo”.

Apróbanse 61.521,84 € para a Reitoral do Couto- Cospindo (Ponteceso).

2.- As economías que se xeren desde a presente data destinaranse aos proxectos aprobados na terceira e cuarta anualidade que queden con financiamento insuficiente.

3.- Nas actuacións da cuarta anualidade causa baixa a actuación SINALIZACIÓN II e destínase á partida 29.232,33 € :

18.503,19 € para a Reitoral do Couto- Cospindo (PONTECESO) polo que queda un total para a citada actuación de : 118.503,19 €.

10.729,14 € para o Congreso dos Fins do Mundo, polo que queda un total para a devandita actuación de 30.729,14 €.

.A continuación detállanse os cadros de como quedan as actuacións a 9 de novembro de 2006:



ACTUACIÓNS TERCEIRA ANUALIDADE	Investimento inicial	Baixas ou economías	Altas ou aumentos	Investimento final
<b>Xerencia</b>	71.250,00	_____	_____	71.250,00
<b>Reitoral de Golmar</b>		19.446,69	_____	
Dirección de obra de Golmar	138.000,00	_____	_____	106.578,31 11.975,00
<b>Ruta de faros - Execución</b>	84.078,29	_____	_____	84.078,29
<b>Concurso de fotografía</b>	6.000,00	_____	_____	6.000,00
<b>Gastos varios</b>	18.363,00	_____	_____	18.363,00
<b>Infraestruturas náuticas</b>	180.000,00	_____	_____	180.000,00
<b>Estudo de demanda e perfil turístico</b>	15.000,00	1.080,00	_____	13.920,00
<b>Plan de calidade</b>	48.000,00	3.108,00	_____	44.892,00
<b>Oficinas de Turismo</b>			_____	19.028,14 6.550,47
Domus Atlántica	31.620,77	_____	_____	31.620,77
<b>Pazo da Cultura de Carballo</b>	28.763,08	_____	_____	28.763,08
<b>Pasarela peonil Fervenza do Xallas</b>	49.616,25	_____	_____	49.616,25
<b>Casa do Pendón</b>				15.080,00 105.412,00
Redacción proxecto Execución obra	120.492,00	_____	_____	
<b>Conxunto etnográfico de Toba</b>	36.119,00	5.119,00	_____	31.000,00
<b>Iluminación de Monumentos - Ponteceso</b>	18.000,00	7.200,00	_____	10.800,00
<b>Ruta dos Miradoiros - Execución</b>	88.025,00	_____	_____	88.025,00
				46.211,54 1.930,63
<b>Muíños de Ardeleiro Fase II</b>	50.760,00	2.617,83	_____	
<b>Aldea de madeira</b>	121.000,00	_____	_____	121.000,00
<b>Talleres de concienciación</b>	12.000,00	1.861,60	_____	10.138,40
<b>Cursos ambientais</b>	10.000,00	_____	_____	10.000,00
<b>Estudo de viabilidade de creación de ente xestor</b>	15.000,00	8.040,00	_____	6.960,00
<b>Plan de accesibilidade persoas con mobilidade reducida</b>	18.000,00	1.200,00	_____	16.800,00
				9.025,00 11.440,00
<b>Publicación de guías e estudos</b>	25.864,84	5.399,84	_____	
				29.979,10 59.990,64
<b>Sinalización I</b>	126.764,10	36.794,36	_____	55.000,00 38.026,11
<b>Iluminación de monumentos (Moraima e Fisterra)</b>	118.267,67	25.241,56	_____	
<b>Baixas 3ª an. Torres do Allo</b>	-----	_____	90.008,43	90.008,43
<b>Baixas 3ª an. Reitoral do Couto</b>	-----	_____	61.521,84	61.521,84
<b>Resto de baixas a proxectos pendentes</b>				
<b>TOTAL</b>	<b>1.490.984,00</b>	<b>151.530,27</b>	<b>151.530,27</b>	<b>1.490.984,00</b>

ACTUACIÓNS CUARTA ANUALIDADE	Investimento inicial	Baixas ou economías	Altas ou aumentos	Investimento final
Xerencia	71.250,00			71.250,00
Plan de Comunicación	500.000,00			500.000,00
Domus Atlántica	110.000,00	21.222,40		88.777,60
Casa do Pendón	79.508,00			79.508,00
Aldea de madeira Obra Mobiliario	121.000,00	59,73		57.903,06 63.037,21
Rehabilitación edif.. Museo Bergantiños	90.150,50			90.150,50
Áreas de servizos para autocaravanas	30.000,00			30.000,00
Congreso Fins do Mundo	20.000,00		10.729,14	30.729,14
Sinalización II	29.232,33	29,232,33		
Material Náutico (Malpica e Corcubión)	30.000,00			30.000,00
Mantemento páxina web	24.000,00			24.000,00
Sinalización Conx. Hco-Artístico de Corcubión Estudo Execución	15.000,00			7.000,00 8.000,00
Gastos varios	14.359,17			14.359,17
Reitoral do Couto	100.000,00		18.503,19	118.503,19
III Concurso de fotografía	6.000,00			6.000,00
Paquetes turísticos	10.000,00			10.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>1.250.500,00</b>	<b>50.514,46</b>	<b>29.232,33</b>	<b>1.229.217,87</b>

As economías xeradas que a continuación se indican están pendentes da súa aplicación para a súa utilización noutros proxectos:

- 21.222,40 € da Domus Atlántica.
- 59,73€ da mobiliario de aldea de madeira.

A actuación: Sinalización II estaba relacionada co RC P 9019 nº de operación 220060002161 polo que as actuacións: “Congreso Fins do Mundo” e “Reitoral do Couto – Cospindo – Ponteceso” vén aumentados os seus orzamentos en 10.729,14 e 18.503,19, respectivamente, e co mesmo RCP e nº de operación.

\* As actuacións da terceira anualidade que se asumen coas economías veñen derivadas das seguintes operacións contables:

Actuación	Economía	RC e nº de operación
Iluminación de monumentos	25.241,56 €	RC 7688 - 220040016608
Sinalización I e II	36.794,36 €	RC 7688 - 220040016608
Golmar	19.446,69 €	RC 9019 - 220060002161
Ente xestor	8.040,00 €	RC 9018 - 220050033347
Estudo perfil e demanda	485,82 €	RC 9019 - 220060002161
<b>TOTAL</b>	<b>90.008,43 €</b>	

“Iluminación Torres do Allo”: Partida orzamentaria: 0305/751 A / 628.00 cód. 2003 3 80010 8 1

“Reitoral do Couto-Cospindo-Ponteceso”: Partida orzamentaria 0305/751A/628.00 cód. 2003 3 8001081

Actuación	Economía	RC e nº de operación
Plan de calidade	3.108,00 €	RC 9019 - 220060002161
Oficinas de Turismo	34.421,39 €	
	<b>19.887,23</b>	RC 9019 – 220060002161
	<b>14.534,16</b>	RC 9018 - 220050033347
Conxunto etnográfico de Toba	5.119,00 €	RC 9018 - 220050033347
Iluminación monumentos - Ponteceso	7.200 €	RC 9018 - 220050033347
Estudo perfil e demanda	594,18 €	RC 9019 - 220060002161
Muíños de Ardeleiro – Fase II	2.617,83 €	RC 9019 - 220060002161
Talleres de concienciación	1.861,60 €	RC 9018 - 220050033347
Plan de Accesibilidade	1.200,00 €	RC 9018 - 220050033347
Publicación guías e estudos	5.399,84 €	RC 9018 - 220050033347
<b>TOTAL</b>	<b>61.521,84 €</b>	RC 9018 - 220050033347

Todas as actuacións citadas da terceira e cuarta anualidade son financiadas con cargo á partida 0305/751A /628.00. CÓDIGO DO PROXECTO 2003 3 80010 8 1.”

### **13.- PROPOSTA DE ADDENDA AO CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR A ACHEGA PROVINCIAL PREVISTA NO PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS, A TRAVÉS DE CONVENIO QUE SE VAI ASINAR COA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a addenda ao convenio asinado o pasado 4 de xullo de 2006 entre a representación da Consellería de Innovación e Industria, e a Excm. Deputación Provincial da Coruña, para desenvolver o Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros.

2.- A redacción literal da addenda ao convenio é a seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA EN PORTODEMOUROS

Santiago de Compostela, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

O Excmo. Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro e no Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e autorizada a sinatura deste convenio polo acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, do de de 2006.

Doutra:

O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda como presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado polo Acordo do Pleno de 26 de novembro de 2003, actuando en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do disposto no artigo 21 apartado 1 letra b da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Todos recoñecen na representación que posúen capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

EXPOÑEN:

Que con data de catro de xullo de dous mil seis asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística en Portodemouros, que comprende o ámbito territorial dos seguintes concellos: Melide, Toques, Santiso, Sobrado, Arzúa, Touro, Boimorto, O Pino, Boqueixón, Vedra e Vilasantar.

Que na cláusula cuarta do citado convenio concrétase a distribución de anualidades nas que se establecen as achegas da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia ao Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros e a súa forma de xustificación. En concreto, a citada Consellería comprométese a subministrar douscentos cincuenta mil euros no ano dous mil seis.

Que a cláusula décimo primeira establece que a Deputación Provincial da Coruña dispón dun ano para a execución e xustificación dos proxectos aprobados pola Comisión de Seguimento, a partir da data da sinatura do convenio no primeiro ano e nos seguintes, a

partir do acordo da Comisión de Seguimento no que se determinen. E que a xustificación da achega da Comunidade Autónoma realizárase antes de finalizar o ano natural.

Que segundo a cláusula décimo segunda do convenio, este terá unha duración de catro anos a partir da data da súa sinatura, agás no que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de tres anos.

Que diversas circunstancias relativas ao funcionamento da Deputación Provincial da Coruña provocaron un atraso no desenvolvemento das actuacións aprobadas para este ano e fan imposible xustificar na presente anualidade orzamentaria a cantidade arriba consignada. Así mesmo, aconsellan que a achega da Xunta prevista para este exercicio orzamentario se realice no último ano de vixencia do convenio.

Que de acordo co disposto no Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia é posible incorporar os remanentes de crédito a exercicios futuros.

Por iso, as entidades asinantes, sen renunciar ás súas competencias, acordan subscribir a presente addenda ao convenio do 4 de xullo de 2006, co obxecto de reaxustar a distribución das anualidades nas que se realizará a achega da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, coas seguintes

#### CLÁUSULAS:

Primeira. Modifícase o epígrafe primeiro da cláusula cuarta do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística en Portodemouros, que queda redactado como segue:

“As achegas da Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia efectuaranse de acordo co seguinte cadro de distribución de anualidades:

ANUALIDADES	2007	2008	2009	TOTAL
TOTAL ACHEGA	200.000	150.000	250.000	600.000

A Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia no 2007 efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10 06 761A 760.0, e as dos anos sucesivos con cargo á aplicación orzamentaria correspondente, e aboarase de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula unha vez xustificada a aplicación dos fondos, polo que quedará condicionada a validez deste convenio á existencia, na anualidade respectiva, de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste”.

Segunda. Modifícanse os parágrafos segundo e terceiro da cláusula décimo primeira, que quedan redactados como segue:

Parágrafo segundo: “O prazo para a execución e xustificación das actuacións será dun ano, a partir da data do acordo da Comisión de Seguimento no que se determinen, poderán ser prorrogables por seis meses no caso de razóns xustificadas e mutuo acordo das partes. Na primeira anualidade o prazo dun ano contabilizarase desde a sinatura do convenio.”

Parágrafo terceiro: “No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a xustificación da súa achega realizárase antes de finalizar o ano natural. Non obstante autorízase ao Consello da

Xunta a que por causas debidamente xustificadas e a petición da Comisión de Seguimento poida autorizar un novo reaxuste de anualidades sempre que non exceda do importe total que achega a Xunta”.

Terceira. Modifícase a cláusula décimo segunda, que queda redactada como segue: “O presente convenio terá unha vixencia ata o día trinta de decembro do ano dous mil nove”.

E en proba de conformidade asínano, por exemplar triplicado os intervinientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA

O CONSELLEIRO DE  
INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA  
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE  
GALICIA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: Fernando Xabier Blanco  
Álvarez

3.- A presente proposta dará lugar á correlativa minoración da primeira anualidade do plan a aprobar pola Comisión do Seguimento e polo Pleno da Excm. Deputación provincial.

4- Facultar ao Ilmo Sr. presidente para a sinatura da addenda.”

**14.- PROPOSTA DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, O MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a addenda ao convenio asinado o pasado 31 de xullo de 2006 entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol e a Asociación de Hostalería de Ferrol para o desenvolvemento dun Plan de dinamización de produto turístico na ría de Ferrol, comarcas de Ferrol e Ortegal.

2.- A redacción literal da addenda ao convenio é a seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE FERROL E A ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO NA RÍA DE FERROL, COMARCAS DE FERROL E ORTEGAL (PROVINCIA DA CORUÑA).

Madrid, .....

REUNIDOS

dunha parte:

O Sr. D. Pedro Mejía Gómez, na súa calidade de secretario de Estado de Turismo e Comercio, nomeado por Real decreto 845/2004, do 23 de abril, actuando de conformidade co artigo segundo da Orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio 3187/2004, do 4 de outubro que delega a competencia que para a subscrición de convenios corresponde ao titular do Departamento segundo o disposto na disposición adicional décimo terceira da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en redacción dada polo artigo segundo da Lei 4/1999, do 13 xaneiro, de modificación daquela.

doutra:

O Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, en representación da comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro e no Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean conselleiros da Comunidade Autónoma de Galicia, e autorizada a sinatura deste convenio por acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, do 27 de abril de 2006.

doutra:

O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda como presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2003, e facultado para a subscrición do presente convenio por acordo do Pleno do 25 maio de 2006, actuando en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do disposto no artigo 34 apartado 1 letra b da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

doutra:

O Sr Francisco Cruz Senra, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol, por acordo de nomeamento do 8 de xuño de 2002, en virtude do establecido no artigo 21 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio.

e doutra:

o Sr. D. Julio Martínez Martínez, presidente da Asociación de Hostalería de Ferrol, por acordo de nomeamento do 5 de xullo de 2004, en virtude do artigo 25 do Estatuto da Asociación que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio.

Todos recoñecen na representación que posúen capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

## EXPOÑEN

Que con data do 31 de xullo de 2006, asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun Plan de dinamización de produto turístico na ría de Ferrol, comarcas de Ferrol e Ortegal (Provincia da Coruña)

Que na cláusula quinta do citado convenio se concreta a distribución de anualidades nas que se establecen as achegas da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia ao devandito Plan de dinamización turística e a súa forma de xustificación. En concreto, a citada Consellería comprométese a subministrar cento cincuenta mil euros (150.000 €) no ano 2006.

Que a cláusula décimo segunda establece que a Deputación da Coruña dispón dun ano para a execución e xustificación das actuacións aprobadas a partir da data da sinatura do convenio no primeiro ano e nos seguintes a partir da data do acordo da Comisión de Seguimento en que se determinen. E que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia a xustificación realizárase antes de finalizar o ano natural, conforme á norma que dite a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Que a cláusula décimo cuarta sinala, no seu primeiro parágrafo, que o convenio terá unha duración de catro anos a partir da data da sinatura, agás polo que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de tres anos para a Administración do Estado e catro anos para as outras dúas administracións.

Que por circunstancias sobrevidas demostrárase imposible para a Deputación provincial xustificar á Xunta de Galicia antes de fin de decembro deste ano a totalidade da cantidade arriba consignada de 150.000 euros.

Que tendo en conta o anterior, resulta conveniente ampliar o prazo de vixencia do



convenio ata finais de 2009 para que o ente local conte cun prazo máis amplo para xustificar a achega da Xunta correspondente a ese ano.

Que de acordo co Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia é posible incorporar as remanentes de crédito a exercicios futuros.

Xa que logo, as entidades asinantes, sen renunciar ás súas competencias, acordan subscribir a presente modificación ao convenio do 31 de xullo de 2006, co obxecto de reaxustar a distribución das anualidades nas que se realizará a achega da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, coas seguintes

#### CLÁUSULAS:

Primeira. Modifícase o epígrafe primeiro e segundo da cláusula quinta do convenio para o desenvolvemento dun Plan de dinamización de produto turístico na ría de Ferrol, comarcas de Ferrol e Ortegal, que queda redactado como segue:

“As achegas da Consellería de Innovación e Industria da comunidade Autónoma de Galicia efectuaranse conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidades	2006	2007	2008	2009	Total
Achegas	25.000 €	324.167 €	400.000 €	525.000 €	1.274.167 €

A Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia no 2006 efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10.05.651A.760.0, e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aboarase de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula”.

Segunda. Modifícase a primeira frase do parágrafo primeiro da cláusula décimo cuarta, que queda redactada como segue: “O presente convenio terá unha duración de catro anos, a partir da data da súa sinatura, agás polo que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de tres anos para a administración do Estado e catro para as outras dúas administracións, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2009”

E en proba de conformidade asínano por exemplar sextuplicado, os intervenientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O SECRETARIO DE ESTADO DE TURISMO E COMERCIO  
O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Asdo.: Pedro Mejía Gómez

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE  
EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE  
FERROL E COMARCA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: Julio Martínez Martínez

O PRESIDENTE DA CÁMARA DE  
COMERCIO DE FERROL

Asdo.: Francisco Cruz Senra”

## **15.- CONVENIO RELATIVO AO PROXECTO E ORZAMENTO DA OBRA DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO DAS “LAGOAS” DE NARÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Narón, para promover o financiamento das obras de urbanización para a mellora das infraestruturas do Polígono Industrial das “Lagoas” en Narón.

2.- A achega provincial prevista no convenio, para o ano 2006, ascende a un total de 295.000€ e poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432.C/75401 do vixente presuposto da Corporación.

3.- Condicionar a eficacia do presente acordo a que, en cada un dos exercicios aos que estende a súa vixencia, 2007, 2008 e 2009, se habilite o crédito suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio, que ascende a 295.000 €, para a anualidade 2006; 295.000 euros para a anualidade 2007 e 290.000 para a anualidade 2008 e 120.00€ para a anualidade 2009.

4.- Excepcionar, no que se refire a porcentaxes, o réxime de financiamento de gastos plurianuais disposto no artigo 174.3 e 5 do T.R.L.F.L.

5.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

6.- O presente acordo queda condicionado á aprobación previa polo Pleno da deputación, do proxecto ou proxectos técnicos nos que queden detalladas as actuacións previstas no convenio. En todo caso a aprobación dos proxectos deberá ser realizada con anterioridade á contratación das obras"

O texto do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DA CONSELLERÍA DE VIVIENDA E SOLO, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, E O CONCELLO DE NARÓN PARA FINANCIAR AS OBRAS DE URBANIZACIÓN PARA A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS LAGOAS EN NARÓN

A Coruña, de de dous mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. M<sup>a</sup> Teresa Táboas Veleiro, conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, e presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, actuando no seu nome e representación.

Doutra parte, a Consellería de Innovación e Industria, e no seu nome e representación o conselleiro de Innovación e Industria, D. Fernando Xabier Blanco Álvarez ; nomeados todos eles polo Decreto 213/2005, do 3 de agosto, da Xunta de Galicia, e, en virtude das facultades que lles confire o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Excm. Deputación Provincial da Coruña, e no seu nome e representación, D. Salvador Fernández Moreda, segundo o disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 29 do Real

decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra parte, o Concello de Narón, e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Xoán Gato Díaz, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, coa capacidade legal necesaria para asinar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

## E X P O Ñ E N

Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (I.G.V.S.) é un organismo autónomo, adscrito á Consellería de Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988 do 27 de abril para a realización da política de solo da Xunta de Galicia na que se enmarca a promoción urbanística e a actividade urbanizadora, a que pode levar a cabo directamente ou mediante as empresas públicas por el participadas, subscribindo para o efecto os oportunos convenios.

Así mesmo, de conformidade co artigo 225-2 b) da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, é o organismo autónomo con competencias na materia de xestión urbanística dentro dos órganos da Administración autonómica.

Que a Consellería de Industria e Comercio ten encomendada, entre outras, a execución da política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento industrial da Comunidade Autónoma.

Que segundo se establece tanto na Lei 7/1985, do 20 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos teñen atribuídas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, competencias relativas á xestión e fomento dos intereses propios da provincia e do municipio, e correspóndelle á Xunta de Galicia a prestación de cooperación e asistencia activa que outras administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, conforme ao establecido polo artigo 55.d) en relación cos artigos 10.1 e 57 da antedita lei 7/1985 e no artigo 195 da referida Lei 5/1997, contéplase a figura do convenio administrativo como un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómicas nos asuntos de interese común.

Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña ten atribuída a competencia de prestar asistencia técnica e económica aos concellos da provincia na prestación dos servizos de competencia municipal.

A Lei de administración local de Galicia nos seus artigos 109 e 118 establece que:

*Artigo 109.*

*Serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis. As competencias propias exerceranse en réxime de autonomía.*

*Son competencias propias, en calquera caso, as seguintes:*

*(...) d) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia*

*Artigo 118.*

*Compítelles ás deputacións provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles: (...)*

Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación aos que deben de axustar a súa actuación as administracións públicas galegas, e, en exercicio das competencias que lle son propias, acordan a formalización do presente convenio con base nas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

**Primeira.-** O presente convenio ten por obxecto a execución das obras de urbanización para a mellora das infraestruturas do Polígono Industrial das “Lagoas” en Narón.

**Segunda.-** Para os efectos do presente convenio o proxecto comprenderá as obras de infraestrutura e viais que figuran no estudo redactado pola empresa de enxeñería Proyfe a petición do Concello de Narón e que figura como anexo a este convenio. Segundo o estudo o orzamento previsto ascende a 4.038.842,75 euros ( 4.618.085,28€ - 575.606,46)

**Terceira.-** O Concello de Narón realizará o encargo dos proxectos técnicos necesarios para a execución das obras. Así mesmo contratará as obras, a dirección de obra, e aprobaran as hipotéticas modificacións de contratos, complementarios, revisións de prezos e liquidacións, que sexan precisas para o completo desenvolvemento do obxecto do convenio.

**Cuarta.-** Con independencia do orzamento total das actuacións que se han levar a cabo ao abeiro do convenio, as partes asinantes, agás o Concello de Narón, comprométese a financiar as obras ata un máximo total de tres millóns de euros (3.000.000, 00 €).

**As administracións asinantes cofinanciarán as ditas actuacións do xeito seguinte:**

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, o que supón unha porcentaxe do 24,76% con cargo á aplicación orzamentaria 17.90.331.A.760.00, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2007.....	300.000,00 €
2008.....	350.000,00 €
2009.....	350.000,00 €

2.- A Consellería de Innovación e Industria achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, o que supón unha porcentaxe do 24,76%, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.661.C.760.0 de acordo coa seguinte distribución, nas anualidades e importes que deseguido se expresan:

2006.....	50.000,00 €
2007.....	333.000,00 €
2008.....	334.000,00 €
2009.....	283.000,00 €

3.- A Deputación Provincial da Coruña achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, o que supón unha porcentaxe do 24,76%, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2006.....	295.000,00 €
2007.....	295.000,00 €
2008.....	290.000,00 €
2009.....	120.000,00 €

**Quinta.-** O Concello de Narón, con cargo aos seus orzamentos, achegará a cantidade precisa para a finalización completa da redacción dos proxectos, as execucións das obras, e as hipotéticas modificacións, complementarios, revisións de prezos e liquidacións, que sexan precisas para o completo desenvolvemento do obxecto do convenio.

Para estes efectos o concello asumirá estimativamente, e sen prexuízo de maiores concrecións unha vez redactados os proxectos técnicos, o financiamento de un millón trinta e oito mil oitocentos corenta e dous con setenta e cinco euros (1.038.842,75 €) IVE incluído, o que supón unha porcentaxe do 25,72% e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2006.....	333.000,00 €
2007.....	333.000,00 €
2008.....	334.000,00 €
2009.....	38.842,75 €

As achegas das administracións cofinanciadoras do presente convenio enténdense fixas e invariables no senso de que non poderá experimentar incremento de calquera tipo de gasto derivado de obras complementarias, proxectos modificados, liquidacións de obra, contratos conexas ou calquera outro.

Se a adxudicación definitiva das obras contivese unha baixa con respecto ao orzamento xeral, sufrirán igualmente a baixa correspondente todos os conceptos en que se detalla o dito orzamento, agás os honorarios correspondentes aos facultativos encargados da dirección e inspección das obras e os gastos de xestión de obra e control de calidade. A distribución das baixas repercutiríanse entre todas as administracións asinantes do convenio de xeito proporcional á súa achega inicial.

O importe a librar será o porcentual que para cada obra aparece reflectido no presente convenio respecto do total xustificado. No suposto de non xustificarse a totalidade do gasto previsto, minoraranse as achegas das partes aplicando o coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores ao orzamento da actividade, as achegas non superarán a cantidade máxima da establecida no presente convenio.

**Sexta.-** As partes asinantes aboaranlle ao Concello de Narón o importe das certificacións de obra unha vez aprobadas polo órgano competente do concello.

O concello asumirá o financiamento que exceda do 74,28% das certificacións de obra e aboalle a totalidade aos contratistas.

Para estes efectos a Consellería de Innovación e Industria, a Deputación Provincial e o IGVS realizarán o aboamento do 25% do importe certificado polo concello por agrupacións de certificacións nos seguintes períodos; 1 de xaneiro ao 31 de marzo, 1 de abril ao 30 de xuño, 1 de xullo ao 30 de setembro e 1 de outubro ao 10 de decembro de cada ano agás no ano 2006 no que os períodos a certificar agrúpanse nos períodos que van desde a sinatura do convenio ao 10 de decembro.

Os aboamentos realizaranse polo importe máximo comprometido para cada anualidade por cada unha das partes.

Para o caso de que o 25% do total certificado nunha anualidade superase os compromisos establecidos para cada exercicio, o exceso imputaráselle ao exercicio seguinte, servindo de xustificación as mesmas certificacións na parte non satisfeita por esgotamento dos compromisos anuais, co límite do importe total comprometido.

Con anterioridade a facer efectiva a achega provincial ao Concello de Narón, este deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co disposto no art. 34.5 da Lei 38/2003 xeral de subvencións. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación que determinará de oficio o Servizo de Recadación”

Os pagos realizarse cos informes da Sección de Promoción Económica e dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización”

**Sétima.-** O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e enténdese ata o 31 de decembro de 2009, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

De producirse causa xustificada, e sen que para iso sexa precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e dos Plenos do Concello de Narón e da Deputación da Coruña o réxime de anualidades previsto poderá ser obxecto de reaxuste en anualidades posteriores, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, e sempre que iso non implique exceder o período de vixencia establecido nin a cantidade total comprometida

**Oitava.-** Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha Comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

A Comisión de Seguimento e Control informará ás partes sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto conforme ás limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento as administracións asinantes non asumirán compromisos económicos que impliquen incrementar a contía dos compromisos establecidas na cláusula cuarta.

**Novena.-** Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O seu incumprimento total ou parcial.
- 2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumplan os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

**Décima.-** Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ao disposto no artigo 3.1 do R.D. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, coa salvidade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se poidan presentar.

ANEXO  
PRESUPOSTO DE GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE/€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	3.345.468,91
13% GASTOS XERAIS, FINANCEIROS, TAXAS, CARGAS FISCAIS, DIRECCIÓN DE OBRA E CONTROL DE CALIDADE	434.910,96



6% BENEFICIO INDUSTRIAL	200.728,13
16% IVE	636.977,28
TOTAL	4.618.085,28

CONCEPTO	IMPORTE/€
PRESUPOSTO DA ESTRADA DE CEDEIRA QUE SERÁ EXECUTADA E FINANCIADA INTEGRAMENTE POLO CONCELLO DE NARÓN	575.606,46

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

A PRESIDENTA DO INSTITUTO  
GALEGO DE VIVENDA E SOLO

O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

Asdo.: María Teresa Táboas Veleiro  
O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Fernando Xabier Blanco Álvarez  
O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE NARÓN

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.- Xoán Gato Díaz”

**16.- CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA AGRELA PARA O FINANCIAMENTO DA CONSTRUCIÓN DE NOVAS PRAZAS DE APARCADOIROS QUE SE VAN REALIZAR NO POLÍGONO DA AGRELA, A CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios do Polígono da Agrela para

financiar a realización das obras de adecuación de novas prazas de aparcadoiro a realizar no Polígono da Agrela.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 199.999,25 euros. A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432C/75401.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA AGRELA PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DE NOVAS PRAZAS DE APARCADOIRO NO POLÍGONO DA AGRELA DA CORUÑA

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Juan José Blanco Cubeiro, como presidente da Asociación de Empresarios da Agrela .

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

**EXPOÑEN:**

Que é de interese para ambas as dúas partes asinantes do presente convenio a mellora das instalacións do Polígono da Agrela, na Coruña, e por iso acordan asinar este de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio**

O presente convenio ten por obxecto a construción de novas prazas de aparcadoiros no Polígono Industrial da Agrela nos tramos das rúas Gambrinus, Galileo Galilei, Gutemberg, Torres Quevedo, Pasteur, Isaac Peral e Avda. de Fisterra, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto Marcial Bajo Sánchez.

**Segunda.- Actividades que incluíría a execución do programa**

As obras consistirán na escavación da banda lateral de terra existente en moitas marxes do Polígono que servirá de asento para as prazas do aparcadoiro, derruirase o canlón de formigón para as augas pluviais e recuarase e colocarse borde de formigón.

### **Terceira.- Compromisos a cumprir**

De conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, garántese o cumprimento das prescricións incorporadas no artigo 31.3, ben mediante a presentación de 3 ofertas ou, se as especiais características do contrato así o esixen, mediante a xustificación documental da imposibilidade de realizar a licitación do contrato; todo isto de acordo coa normativa xeral de contratación das administracións públicas.

A Asociación de Empresarios da Agrela deberá destinar os bens para a fin concreta para a que se concedeu a subvención e procederase á súa entrega ao concello, unha vez rematadas as obras, sen prexuízo das obrigas de conservación e mantemento que acorde co concello da Coruña.

A Asociación de Empresarios da Agrela quedará obrigada a difundir a colaboración de financiamento da Deputación Provincial da Coruña na execución das citadas obras.

### **Cuarta.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio.**

A contía destinada pola deputación para a realización do programa obxecto deste convenio ascende a 199.999,25€ (CENTO NOVENTA E NOVE MIL CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS DE EURO) o que representa o 100% do importe do orzamento cuxo detalle se incorpora como ANEXO. Realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432C/75401.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse remitir declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificado.

### **Quinta.- Forma de pagamento.**

O pagamento da achega provincial realizarase en dous prazos:

#### 1º Prazo:

O 50% da achega, unha vez executado o 50% da obra despois da presentación da certificacións de obra, e as correspondentes facturas da obra e certificación de aprobación polo órgano competente da Asociación de Empresarios da Agrela.

Ademais, para este pago deberá acreditarse o cumprimento dos puntos a que se refire o art. 31.3 da Lei xeral de subvencións e a publicación do financiamento público da obra conforme ao artigo 31 do Regulamento da lei xeral de subvencións.

2º pago: O restante 50%, unha vez executada a totalidade da obra despois da presentación das certificacións de obra e as correspondentes facturas, e certificación de aprobación polo órgano competente da Asociación de Empresarios da Agrela, despois da acreditación da entrega da obra ao Concello da Coruña para uso público e certificación acreditativa das achegas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade ou declaración expresa de non ter recibido ningunha se for o caso

Para o aboamento de ambos os dous prazos acompañarase documento acreditativo de estar ao corrente do cumprimento da súa obriga tributaria e das súas obrigas coa Seguridade Social, e certificación de cumprimento da finalidade para a que vai referida a subvención. Así mesmo, a Asociación de Empresarios da Agrela deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores ao presuposto da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula cuarta. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas antes do 30 de novembro de 2007.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Promoción Económica, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

#### **Sexta.- Xustificación a realizar.**

Antes do 30 de novembro de 2007 presentarase a documentación xustificativa da execución do proxecto: memoria técnica, facturas ou certificacións xustificativas do gasto realizado, certificación das achegas percibidas, e certificacións acreditativas de estar o corrente das súas obrigas tributarias.

#### **Sétima.- Reintegro das cantidades percibidas**

No caso de que se resolva o convenio e se pagara xa algunha cantidade, a asociación deberá devolverlle á deputación o que corresponda xunto con xuros de mora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003 xeral de Subvencións, computados desde a data do libramento ata o seu reintegro efectivo.

#### **Oitava.- Comisión de Seguimento**

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

#### **Novena.- Control, seguimento e avaliación**

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

#### **Décima.- Resolución do presente convenio**

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

#### **Décimo primeira.- Carácter administrativo do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este será competencia da xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no R.D.Legislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e en especial a obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 14.e) para a concesión e o artigo 34.5 para o recoñecemento da obriga do pago da citada lei.

Para todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

#### **Décimo segunda.- Vixencia do convenio**

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e entenderase ata o 30 de novembro de 2007, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada

En todo caso, manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

Correspóndelle ao presidente da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

#### **ANEXO -I- RESUMO DO ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS SUBVENCIONADOS**

CONCEPTO	IMPORTE
DEMOLICIÓN DE CANLÓN EXISTENTE	9255,63
PINTADO DE PRAZAS DE APARCADOIRO	2896,90
SEGURIDADE E SAÚDE	1578,40

IMPREVISTOS DE OBRA POR SERVICIOS EXISTENTES	6000,00
TOTAL EXECUCION MATERIAL	144885,00
13% GASTOS XERAIS	18835,05
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	8693,10
IVE	27586,10
TOTAL ORZAMENTO XERAL	199999,25

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda      Asdo: “

## ROGOS E PREGUNTAS

Sr. López Crespo

Unha pregunta que está relacionada inevitablemente coa actualidade, e é un incidente singular, inusual, excepcional nesta institución, que foi o problema que xurdiu cos bombeiros que nunha tarde deste mes pretendían presentar algunhas reivindicacións.

A nosa pregunta ten que ver cunha certa alarma social que se xerou a través dos medios de comunicación e polas propias manifestacións dos afectados. Parécenos que esta institución goza na súa historia dunha enorme ponderación no estudo das reivindicacións, como é algo excepcional consideramos que se nos debe dar, se se pode, unha explicación a canto aconteceu, o que se fixo desde aquí para poder evitalo, e gustaríanos que fose vostede o que nos o dixese.

E concatenada con esta pregunta había un rogo.

Parécenos tamén que esta deputación mostrou ao longo da súa historia o espírito aberto para negociar con todas as reivindicacións que se presentasen polos cidadáns da provincia ou colectivos específicos que dependían dela, polo cal, e dado que o nome desa relación e desa capacidade de diálogo neste momento pode estar un

pouco maltreita, pediámoslle a vostede que fose a propia institución a que solicitase unha recepción cos representantes desas persoas afectadas e vostede e os tres voceiros dos grupos aclarasen a situación para que socialmente quedase fóra de toda dúbida calquera incidente, solicitarlles aos afectados, ou aos representantes sindicais que os recibirían vostede e os representantes de cada grupo para aclarar a situación e ver que calquera tipo de confrontación, que se diluíse e que ese problema deixase de ser un problema como pode estar a ser nalgúns lugares, que creo que non favorece nada a esta institución da Deputación provincial, é dicir, algo así como unha cortesía que transcendese, como transcendeu o conflito, que transcendese que se pode estar en discrepancia coas reivindicacións laborais e profesionais, pero que o que non pode haber nunca dúbida é de que esta institución, tanto os cargos políticos que a integran como os técnicos e laborais, que non teñen nada que ver co que se pode dar a entender nalgúns medios de comunicación. Non sei se me expliquei o sentimento, pero grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. López Crespo. Antes de comezar a responderlle quería facer algunhas matizacións, que creo que as temos claras todos, pero non está de máis dicilas.

Primeira, a deputación decidiu facer unha serie de parques de bombeiros, que financiou conxuntamente coa Xunta, o sesenta por cento do investimento pagábao a deputación e o corenta por cento a Xunta de Galicia, e o mantemento dos parques pagábase ao cincuenta por cento, e así se está a pagar: cincuenta por cento dos gastos de mantemento afróntaos a deputación e o cincuenta por cento afróntaos a Xunta de Galicia. Vostedes gobernando, sacaron un concurso para adxudicar a xestión dos parques de bombeiros; vostedes gobernando, decidiron que a xestión se fixese de forma indirecta, mediante concesión, e vostedes gobernando, adxudicaron a xestión dos parques de bombeiros á empresa VEYCAR. A empresa VEYCAR contratou aos bombeiros que lle deu a gana, ninguén lle dixou: contrate vostede a este ou a este; contratou a quen lle deu a gana, e asinou uns contratos con eses traballadores nas condicións que as dúas partes decidiron. Digo isto para que quede meridianamente claro que a deputación non ten ningunha relación contractual, nin ningunha obriga laboral con ningún dos bombeiros que forman parte do consorcio de bombeiros provincial; teñen unha relación contractual e unha relación laboral coa empresa VEYCAR, e nós esixirémoslle á empresa VEYCAR que cumpra o servizo coa calidade e a presteza que é necesario, e os problemas que teñan os bombeiros con VEYCAR téñenos que resolver na empresa. Polo tanto, nin son funcionarios, nin teñen ningunha relación laboral coa Deputación provincial, isto témolo que ter claro porque sei que están a reivindicar, que van reivindicar incrementos salariais. Non teñen que vir á deputación a reivindicar incrementos salariais, terán que falar co empresario, e o empresario pódelles pagar A ou B, e págaselles A, gana máis o empresario, e págaselles B, gana menos o empresario, pero son cuestións que teñen que decidir entre eles.

Polo tanto, ningún dos bombeiros foi contratado pola deputación, a deputación non lle dixo ao concesionario contrate a A, a B, ou a C, e a deputación tampouco fixou as condicións contractuais que vai regular a relación laboral entre estes bombeiros e a empresa concesionaria.

Segundo, eu tiven coñecemento de que os bombeiros ían vir a pechase á Deputación, e falei coa Subdelegada do Goberno para lle dicir que había esta eventualidade e que a tivese prevista, e que ao mellor sería conveniente que mandase un desprazamento da policía nacional para estar aquí, para evitar incidentes.

Eu voulle ler, é dicir, non houbo nunca problema de diálogo con esta xente, e por suposto non imos recibir aos bombeiros para lles pedir desculpas, terán que pedir desculpas eles aquí, e dar explicacións de tentar entrar violentamente na deputación. A deputación e este presidente dialoga con todo o mundo, o que pasa é que eu non vou dialogar para resolver os problemas laborais dunha empresa, eu dialogo para resolver os problemas laborais dos funcionarios desta casa, pero o empresario, se cre que o servizo da concesión e o prezo da concesión é insuficiente, pode polo de manifesto e pode renunciar á concesión, o que non pode é trasladarnos a nós o problema que ten na súa empresa laboral, ou que poida ter.

Eu voulle ler o parte que mandaron os servizos de vixilancia desta deputación, e quero dicir que hai aquí unha cousa, cando din: “órganos de goberno da Excma. Deputación”, estanse a referir a min, eu estiven reunido esa mañá co Consorcio de Bombeiros aquí, e nun momento determinado entrou un señor e di, “mire, os bombeiros”, -que sabiamos que estaban porque oíamos os seus berros-, “queren entrar na deputación a presentar un escrito en Rexistro”, e dixer, ben, se queren entrar non hai ningún problema, que entren dous, que entre o presidente do Comité de Empresa e outro bombeiro a entregar o escrito, pero que non entren todos porque se queren pechar na deputación, e eu teño a obriga e o deber, como presidente da deputación, de manter o normal funcionamento dos servizos provinciais, eu non sei en que condicións vén, non sei o que van facer, e por suposto eles non teñen a obriga, nin o dereito, de entrar aquí violentamente. Entón déuselles a opción de entregar, dígoo porque di “os órganos de goberno da Excma. Deputación provincial”, quero dicir que fun eu como presidente, que era a miña competencia. Este é o parte de incidentes que manda o Servizo de Vixilancia da deputación, e di: “Aproximadamente sobre os 8:45 horas prodúcese unha concentración nas inmediacións do pazo provincial de aproximadamente 50 axentes contra incendios e salvamento pertencentes á empresa VEYCAR, concesionaria do servizo en diversos parques provinciais. Por parte deste Servizo de Seguridade mantense en todo momento unha actitude cordial e de diálogo, fálase co Sr. Baneira, representantes da Unión Xeral de Traballadores”, foi a Unión Xeral de Traballadores quen os convocaba, e eu a través da subdelegada díxenlle, mire, ese tema que van reivindicar está na orde do día da Comisión de mañá do Consorcio de Bombeiros, e vaise aprobar, xa que logo, sabían que se ía aprobar, “representante da Unión Xeral de Traballadores, parece ser que os asesora e representa, a intención é que todo transcorra con normalidade, comunícanos que non haberá problemas, que xa está pactado o tema



o día anterior, e o único que teñen previsto é que membros do Comité de Empresa entreguen un escrito coas súas reivindicacións no Rexistro Xeral. Da conversación resumida nos parágrafos anteriores é testemuña un membro do Corpo Nacional de Policía. Posteriormente o Sr. Baneira diríxese aos concentrados e explícalles a situación, isto último é unha intuición, posto que non estamos alí” –escrito entre paréntese- “polo que transcorre máis tarde entendemos que non tivo éxito na súa conversación. De maneira sorpresiva os axentes contra incendios cruzan a estrada e sitúanse nas escaleiras de acceso á porta principal do edificio, obstaculizando primeiro, e impedindo despois a entrada de cidadáns e funcionarios públicos. Séguese falando con eles en todo momento, o Servizo de Seguridade ao servizo da Deputación diríxese varias veces tanto ao Sr. Baneira, como ao Sr. Cortés” –que creo que é o presidente do Comité de Empresa- “para chegar a unha solución que evite incidencias. Os axentes contra incendios non atenden as explicacións do presidente do seu Comité de Empresa, nin a dos membros da UXT, manifestan reiteradamente a súa postura, entrar todos xuntos no edificio, comunícaselles que non é posíbel, pero mantéñense no seu obxectivo. Comunicada a actitude dos concentrados aos órganos de goberno da Excm. Deputación provincial recíbese a orde de evitar a súa entrada, facilitando o paso ao recinto unicamente ao presidente do Comité e un membro do Comité de Empresa para que entregasen o escrito en Rexistro. Maníéstase aos axentes contra incendios o exposto no parágrafo anterior, e rexeitan a proposta ao berro de “todos ou ningún” ademais de diversos improprios. Ante o ambiente que se está a crear na concentración, de acordo coa policía, e coa única fin de evitar incidentes, tómase a decisión de lles comunicar que poden acceder ao Rexistro de un en un, para que así todos poidan presentar o seu escrito, e esta concesión é tamén rexeitada con novos berros e alborotos. Prodúcese unha avalancha intencionada contra o cordón formado por sete policías e dous vixilantes de seguridade, coa intención de acceder ao edificio por parte dos concentrados, a carga contrariamente ao que se especula, prodúcese do exterior para ao interior, ata por tres veces, só no momento no que a avalancha se torna violenta, con patadas, puñadas e a conseguinte rotura do cordón de seguridade, faise uso das defensas en primeira instancia de maneira intimidatoria, o que non fai efecto ante a testada que manifesta. En conversación posterior, o Sr. Baneira maníéstalle persoalmente ao vixilante de seguridade con número de placa 16977, “a situación fóisenos das mans”. Unha vez transcorridos os feitos anteriormente narrados, o trato aos detidos pola policía foi correctísimo, entre outras cousas e para lles evitar consecuencias maiores, non quixeron recibir asistencia sanitaria. A un dos policías este Servizo de Seguridade facilitoulles material para se curar dunha ferida na cara, o mesmo podería dicirse dos vixilantes de Seguridade que sufriron patadas e non quixeron achegarse á ambulancia que había no exterior do edificio. En canto ao Sr. Baneira, representante da UXT, facilitóuselle a entrada sen ningún problema ou dilación ante a súa petición de prestar asistencia aos detidos”.

Este é o parte que emite o Servizo de Vixilancia da deputación. Eu non tiven coñecemento dos incidentes, estabamos reunidos todo o Consorcio Provincial de Bombeiros na segunda planta, na Sala de Comisións, oíamos os berros, pero nin soubemos que tentaran entrar, que a policía impedira, nada soubemos ata despois, e por

suposto que saíu na prensa que eu ordenara a carga policial, iso é unha calumnia. Primeiro, nin teño competencias, nin potestade para iso, nin decateime dos incidentes ata unha vez que pasaran cando acabamos a reunión, e isto foi todo o que pasou na deputación, e reiterar que a deputación dialoga, e escoita e fala con todo o mundo, o que non se pode é converter un problema laboral nun problema de orde pública, porque creo que hai camiños para resolver os problemas sen chegar a alterar o normal funcionamento das institucións.

#### Sr. López Crespo

Cando faciamos a proposta de se reunir non era para pedir desculpas a deputación, Deus me libre, non, digo aclarar a situación, dado que toda a vida o talante desta institución foi moi aberto e dialogante, diríamos que ata case xeneroso e solidario, e nese sentido que se rompese calquera tipo de confrontación que quede, e sabendo tamén que o das reivindicacións laborais non tiña lugar, pero ben, imaxinemos que veñen mañá os artistas non profesionais por culpa de que queren actuar e veñen á deputación, non é que teñamos nós compromiso, é un sitio onde veñen a presentar un escrito, pero fálase por romper o xeo e desfacer tensións que puidesen quedar, non era no sentido de pedir desculpas a deputación, faltaría máis, e agradecemoslle a aclaración que fixo agora do tema.

#### Sr. presidente

Eu, Sr. López Crespo, persoalmente deploro, é dicir, laio que sucedesen esas cousas, e imaxino que todo o mundo o lamenta, os uns e os outros, e os que participaron, en calquera caso estamos abertos a calquera diálogo con todo o mundo, pero neste caso concreto gustaríame que fósemos todos conscientes de que a deputación non ten ningunha relación contractual cos bombeiros, eles asinaron un contrato, que o descoñecemos, cunha empresa, cunhas condicións laborais, o cumprimento desas condicións ou novas reivindicacións teraas que facer a empresa concesionaria, nós non temos ningunha relación, nin podemos incrementar o prezo da concesión.

Sr. Xaime Bello, vostede quere facer unha pregunta?, porque isto non é un debate, se quere facer unha pregunta está no momento.

#### Sr. Bello Costa

Eu quero facer un rogo, co mellor espírito do Nadal, ademais. Eu, por mor da pregunta do Sr. López Crespo, e sentíndonos o grupo provincial do BNG representados neste caso polo presidente, queremos engadir tamén que lamentamos, indubidablemente, os feitos ocorridos o pasado día 20, 13, xa lle digo eu que este espírito do Nadal nos leva a navegar polo calendario dunha maneira inusual, e teño que recoñecer que o único que tomei foi auga, ata este momento. Eu rogaríalle, Sr. presidente, en todo caso, que tomase nota, así llo fixemos chegar ao presidente do

Consortio Provincial de Extinción de Incendios, que o grupo provincial do BNG si quere manter un contacto cos asinantes do preacordo, coa representación sindical asinante do preacordo que vai desembocar nese convenio regulador. Non é ningunha iniciativa para desmarcarse absolutamente de nada, unicamente é que cremos que é certo que a repercusión que tiveron os incidentes que todos e todas nos nosos lugares foi rechamante, porque esta deputación, e calquera outra institución, estes feitos son de lamentar, como vostede xa remata tamén de comentar, unicamente dicir oficialmente que nós queremos manter unha reunión e que como dixo o Sr. Crespo, non temos ningún inconveniente en a compartir se isto se considera, e se ten a ben, en a compartir co resto dos grupos, polo tanto, non hai ningún problema. E que, volvemos a dicir, que os feitos ocorridos, xa que logo, o día 13, non nos gustaron a ninguén dos que estamos aquí presentes porque, desde as Administracións públicas non acostumamos a tomar ningunha actitude represora, senón de diálogo e de resolver os problemas que existen. Polo tanto, Sr. presidente, unicamente iso, que saiba, como xa o sabe o noso presidente do Consortio Provincial, esa intención do grupo provincial do BNG, que de momento aínda non se deu, pero que se dará en próximas datas.

#### Sr. presidente

Grazas, Sr. Bello. Quero dicirlle que os problemas dos bombeiros están resoltos, porque a reivindicación que tiñan se aprobou o pasado día 13 no Consortio Provincial de Bombeiros, e tamén informarlles que eu tiven unha reunión onte co responsábel do sindicato convocante da concentración, estiven onte con eles aquí ás nove da mañá.

Cada un que faga o que ten que facer, cada un é libre de falar con quen queira, en calquera caso eu estiven onte co Sr. Baneira e cos representantes políticos da UXT, os sindicais da UXT, tratando este tema, e o que queira reunirse cos sindicatos que se reúna, agora, a deputación actuou correctamente e eu quero dicir que é a miña obriga garantir o normal funcionamento dos servizos provinciais e, por suposto, recibir á xente, si, autorizar peches aquí, non.

Hoxe temos a copa de funcionarios, aínda que nos imos seguir vendo, como é o último Pleno, desexarlles unhas felices festas e un bo ano 2007. Moitas grazas.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.